



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

BANDO DE ALCALDÍA

DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A Coruña)-----

Comunico a todos/as os/as veciños/as, que ante a incidencia de casos producidos nos últimos 14 días polo Covid 19 neste termo municipal, e trala xuntanza mantida coa Consellería de Sanidade, informase que a nosa situación é de **nivel MÁXIMO** o que conleva a:

- Movilidade reducida ao límite do noso Concello, salvo causa xustificada.
- Peche as 18.00 da hostelería e restauración,prohibíndose o aforo interior,e permitindo ata un 50% en terrazas exteriores dos mesmos. Reparto a domicilio ata as 00.00h.
- Reunións de 4 persoas máximo.
- Comercios, academias, centros privados de ensino non regrado e centros de formación, limitados a un aforo do 50%.
- Toque de queda de 22h a 6.00h.

Ademáis, o Concello decidiu adoptar as seguintes medidas a prol de ter un maior control

- 1ª SEGUEN SUSPENDIDAS TODAS AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS
- 2ª SEGUEN SUSPENDIDAS TODAS AS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS.
- 3ª SEGUEN PECHADAS AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.
- 4ª SUSPENDESE TEMPORALMENTE A FEIRA DOMINICAL.**

Este Concello de Negreira tamén quere recordar a toda a veciñanza que é imprescindible cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr e evitar a transmisión do Covid-19:

- Usar máscara, que é obrigatorio en tódalas circunstancias.
- Lavar as mans con frecuencia ou usar as solucións hidroalcohólicas.
- Evitar as aglomeracións, reunións e actos sociais.
- Se presenta síntomas (febre, tos, dor de cabeza, perda de olfato e gusto,...) quedar na casa e contactar vía telefónica co médico de atención primaria.

O concello pide á veciñanza que continúe colaborando na loita contra o virus e siga as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Consellería de Sanidade e do Concello de Negreira.

No caso de ter algún síntoma contactar co teléfono de información para a cidadanía

900 400 116

Para máis información **www.coronavirus.sergas.gal**

Negreira, 21 de xaneiro de 2021

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

